

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 21 de setembro de 2022 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convocan o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector (códigos de procedemento PR461F e PR461J).

Advertidos erros na dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 190, do 5 de outubro de 2022, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 53312, no segundo parágrafo do punto 1.1, onde di: «O obxecto do proceso de provisión por mobilidade é cubrir 4 prazas dos corpos de policía local, escala executiva, categoría de inspector, subgrupo A2.», debe dicir: «O obxecto do proceso de provisión por mobilidade é cubrir 5 prazas dos corpos de policía local, escala executiva, categoría de inspector, subgrupo A2.».

Na páxina 53339, na segunda táboa do anexo III, Relación de prazas convocadas, onde di:

Proceso de provisión por mobilidade	
Ferrol	1
Sada	1
Vigo	2

Debe dicir:

Proceso de provisión por mobilidade	
Ferrol	1
Sada	1
Santiago de Compostela	1
Vigo	2

